



Veciñanza esixe a paralización inmediata do cobro de taxas abusivas e a redacción de novas ordenanzas máis xustas

Cuntis, 6 de outubro de 2015.

Veciñanza rexistrou unha solicitude urxente para **que o Alcalde decrete de inmediato a paralización do cobro de taxas manifestamente lesivas e que poidan ir contra a actividade económica no municipio.** Ante o próximo cobro anual que axiña será efectivo, **é preciso tamén que se paralicen aquelas que por constituíren agravios comparativos vaian contra a libre competencia en prexuízo do “pequeno comercio” de Cuntis.** Foron varios os casos tanto de establecementos e pequenos negocios que se viron afectados pola revisión e aplicación de Ordenanzas abusivas e obsoletas, e temos constancia dalgúns que se ven gravemente prexudicados por cobros repentinos certamente desproporcionados.

Un exemplo é a Ordenanza Fiscan nº 17, que regula o cobro de taxas polo servizo de recollida de lixo. Trátase dunha redacción absolutamente inxusta que non ten en conta para nada a propia xeración de residuos de cada establecemento e que viola, cando menos, o artigo 31.2 da Constitución Española (que di *“Todos contribuirán ao sostemento dos gastos públicos de acordo coa súa capacidade económica mediante un sistema tributario xusto inspirado nos principios de igualdade e progresividade que, en ningún caso, terá alcance confiscatorio”*). A ordenanza que regula este servizo municipal é manifestamente inxusta e a súa aplicación xera graves prexuízos ao ser produto dunha redacción moi precaria e incompleta. Data do ano 2005 e unha actualización do padrón que se fixo nos últimos meses produciu efectos moi prexudiciais para algúns comerciantes e hostaleiros que, por se fose pouco, non foron notificados de tal revisión. **Estamos, polo tanto, ante a indefensión do usuario/a ante un imposto lesivo e desproporcionado.**

Nun concello coma o noso, coa situación económica tan delicada como padecemos, é intolerable que existan taxas que afectan á actividade hoteleira que son nalgúns casos un 590% superiores ás dunha cidade como Vigo ou un 128% máis elevadas que as dun concello veciño como é o de Caldas de Reis. É especialmente grave se temos en conta o carácter turístico do noso municipio e a importancia da actividade hoteleira/hostaleira, de aloxamento etc.

A Administración Local ten que encargarse de que as taxas e impostos sexan xustas e proporcionadas, que garantan a cobertura dos custes dos servizos que se prestan e que en ningún caso sexan prexudiciais para o desenvolvemento da actividade económica local. **É ademais responsable de promover unha competencia en condicións de igualdade que repercuta nunha mellora da oferta que o noso municipio poida ofrecer.**

Veciñanza aposta por unha fiscalidade progresiva, na que contribúan ao sostemento dos servizos públicos aqueles/as que máis teñen para que a carga impositiva non recaia nos veciños/as e pequenos comerciantes, así como tamén para que se facilite a posibilidade de iniciar novos negocios e proxectos en Cuntis. Ademais de esixir que se inicie de xeito inmediato a redacción dunha nova Ordenanza de recollida de lixo (esta é urxente, pero é necesario revisalas todas), participaremos de xeito activo facendo propostas para introducir criterios como o da progresividade fiscal nas novas ordenanzas. Veciñanza canalizará tamén todas as suxestións que se queiran achegar, tanto de particulares como de establecementos e negocios, para o deseño de taxas xustas e sostibles.